**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA UN DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE**

No salón de sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 1 de marzo de 2019. Baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde-presidente **D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia das concelleiras e concelleiros **Dª María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, Dª Susana Pazo Meijide, D. Emilio Tapia Fidalgo, D. José Manuel Dapena Varela, Dª Eudoxia María Neira Fernández, D. Fito Ferreiro Seoane, Dª María Pilar Neira Martínez e D. Antonio Pachón Moreno,** reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Pleno do Concello da Coruña, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Da fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, D. Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, D. Ángel David Murado Codesal.**

Xustifican a súa ausencia as concelleiras **Dª Silvia Longueira Castro** e **Dª. Avia Veira González.**

***ACTA DE LA SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA UNO DE MARZO DE DOS MIL DIECINUEVE***

*En el salón de sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 26 de noviembre de 2018. Bajo la presidencia del Excmo. Sr. alcalde-presidente* ***D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde*** *y con la asistencia de las concejalas y concejales* ***Dª María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, Dª Susana Pazo Meijide, D. Emilio Tapia Fidalgo, D. José Manuel Dapena Varela, Dª Eudoxia María Neira Fernández, D. Fito Ferreiro Seoane, Dª María Pilar Neira Martínez y D. Antonio Pachón Moreno****, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, D. Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general D. Ángel David Murado Codesal.***

*Justifican su ausencia las concejalas* ***Dª Silvia Longueira Castro*** *y* ***Dª: Avia Veira González.***

Ás trece horas e un minuto, a Presidencia abre a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las trece horas y un minuto, la Presidencia abre la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**36.- Instar o Goberno Municipal a cumprir a moción aprobada no Pleno de 14 de xaneiro de 2019 e tramitar coa maior urxencia un modificativo pactado con todos os Grupos Municipais que conteña os convenios nominativos para o 2019 con entidades sociais, deportivas, educativas, culturais, veciñais, comerciais, de mobilidade, de promoción económica, etc. e todos aqueles gastos que por imperativo legal sexa de carácter obrigatoria a súa inclusión, como o incremento da retribución do funcionariado municipal.**

***36.- Instar al Gobierno Municipal a cumplir la moción aprobada en el Pleno de 14 de enero de 2019 y tramitar con la mayor urgencia un modificativo pactado con todos los Grupos Municipales que contenga los convenios nominativos para el 2019 con entidades sociales, deportivas, educativas, culturales, vecinales, comerciales, de movilidad, de promoción económica, etc. y todos aquellos gastos que por imperativo legal sea de carácter obligatorio su inclusión, como el incremento de la retribución de los funcionarios municipales.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben, pois moi bo día a todas e a todos. Vamos a dar comezo a esta sesión extraordinaria do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña que se celebra a solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular co seguinte orde do día:

*Muy bien, pues muy buenos días a todas y a todos. Vamos a dar comienzo a esta sesión extraordinaria del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña que se celebra a solicitud del Grupo Municipal del Partido Popular con el siguiente orden del día:*

ASUNTO ÚNICO

*ASUNTO ÚNICO*

Instar o Goberno Municipal a cumprir a moción aprobada no Pleno de 14 de xaneiro de 2019 e tramitar coa maior urxencia un modificativo pactado con todos os Grupos Municipais que conteña os convenios nominativos para o 2019 con entidades sociais, deportivas, educativas, culturais, veciñais, comerciais, de mobilidade, de promoción económica, etc. e todos aqueles gastos que por imperativo legal sexa de carácter obrigatoria a súa inclusión, como o incremento da

*Instar al Gobierno Municipal a cumplir la moción aprobada en el Pleno de 14 de enero de 2019 y tramitar con la mayor urgencia un modificativo pactado con todos los Grupos Municipales que contenga los convenios nominativos para el 2019 con entidades sociales, deportivas, educativas, culturales, vecinales, comerciales, de movilidad, de promoción económica, etc. y todos aquellos gastos que por imperativo legal sea de carácter obligatorio su inclusión, como el incremento de la retribución de*

retribución do funcionariado municipal.

*los funcionarios municipales.*

Antes de comezar quero escusar a asistencia da compañeira Avia Veira que por cuestións familiares graves, bo, relativamente graves, non pode asistir hoxe ao Pleno.

*Antes de comenzar quiero excusar la asistencia de la compañera Avia Veira que por cuestiones familiares graves, bueno relativamente graves, no puede asistir hoy al Pleno.*

Ten a palabra a voceira do Partido Popular para comezar facendo unha breve exposición do asunto.

*Tiene la palabra la portavoz del Partido Popular para comenzar haciendo una breve exposición del asunto.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Señora Gallego Neira</u>**

*Ben, bo día a quen nos acompaña neste Salón de Plenos, aos medios de comunicación e aos que nos seguen en directo.*

*Estamos neste Pleno extraordinario solicitado polo Partido Popular para adoptar un acordo: instar a Ferreiro a elaborar un modificativo de Orzamento prorrogado acordado con todos os grupos que recolla os convenios nominativos con entidades e asociacións e outros gastos obrigatorios e prioritarios como é o incremento salarial dos funcionarios. Este modificativo é necesario e urxente por varios motivos que por orde cronolóxica vou detallar. Ferreiro foi incapaz por cuarto ano consecutivo de presentar o Orzamento en tempo e forma para que entrase en vigor o 1 de xaneiro, comezando 2019 cun Orzamento prorrogado. Nos Plenos de 10 e 26 de decembro xa lle advertimos de que tiña que prorrogar o Orzamento de 2018 e tramitar un modificativo urxente porque, aínda que presumía de estar a negociar o Orzamento de 2019 co Grupo Socialista, era imposible materialmente que entrase en vigor o 1 de xaneiro. Os socialistas, unha vez que anunciaron en xaneiro o rexeitamento ao seu documento, tamén se uniron a esta*

**<u>Señora Gallego Neira</u>**

Bueno, buenos días a quien nos acompaña en este Salón de Plenos, a los medios de comunicación y a los que nos siguen por *streaming*.

Estamos en este Pleno extraordinario solicitado por el Partido Popular para adoptar un acuerdo: instar a Ferreiro a elaborar un modificativo de Presupuesto prorrogado consensuado con todos los grupos que recoja los convenios nominativos con entidades y asociaciones y otros gastos obligatorios y prioritarios como es el incremento salarial de los funcionarios. Este modificativo es necesario y urgente por varios motivos que por orden cronológico voy a detallar. Ferreiro ha sido incapaz por cuarto año consecutivo de presentar el Presupuesto en tiempo y forma para que entrase en vigor el 1 de enero, comenzando 2019 con un Presupuesto prorrogado. En los Plenos de 10 y 26 de diciembre ya le advertimos de que tenía que prorrogar el Presupuesto de 2018 y tramitar un modificativo urgente porque, aunque presumía de estar negociando el Presupuesto de 2019 con el Grupo Socialista, era imposible materialmente que entrase en vigor el 1 de enero. Los socialistas, una vez que anunciaron en enero el rechazo a su documento, también se unieron a esta petición. En el Pleno del 14 de enero el

*petición. No Pleno do 14 de xaneiro o Partido Popular presentou unha moción que foi aprobada co voto favorable de todos os grupos da oposición, instándolle a presentar coa maior urxencia un modificativo cos convenios coas entidades da cidade, co fin de que poidan planificar as súas actividades. Para non variar negouse a cumprila ignorando a vontade maioritaria da Corporación e Ferreiro decidiu presentar o seu proxecto de Orzamento ao Pleno o día 11 de febreiro co ditame en contra da Comisión de Facenda, aínda sabendo que ía ser rexeitado por electoralista e continuista, para seguir co seu papel de vítima en lugar de tramitar o modificativo, que a estas alturas xa estaría aprobado definitivamente. Sabía que non se ía a aprobar un Orzamento con máis impostos, máis parálise, máis amiguismo, menos emprego, menos investimentos e menos prestacións, é dicir, con máis Marea e menos Coruña. Ao día seguinte, o 12 de febreiro, o noso Grupo Municipal solicitou un Pleno extraordinario, este con un asunto único proposto para a súa aprobación e que é o que imos votar hoxe, que non é máis que pacte con todos os Grupos Municipais ese modificativo que requirimos para os convenios coas entidades sociais, deportivas, educativas, culturais, veciñais, comerciais, de mobilidade, de promoción económica, etc. e os gastos que sexan de carácter obrigatorio e prioritarios como é o incremento da retribución dos funcionarios municipais. Estes convenios nominativos para máis de 160 asociacións, por importe de máis de 6 millóns de euros, son na maioría dos casos imprescindibles para a súa supervivencia e o seu funcionamento. A Marea leva catro anos mareándoas, recortándolles os convenios, pagándolles tarde, poñéndolles trabas ás súas actividades, considerándolles*

Partido Popular presentó una moción que fue aprobada con el voto favorable de todos los grupos de la oposición, instándole a presentar con la mayor urgencia un modificativo con los convenios con las entidades de la ciudad, con el fin de que puedan planificar sus actividades. Para no variar se negó a cumplirla ignorando la voluntad mayoritaria de la Corporación y Ferreiro decidió presentar su proyecto de Presupuesto al Pleno el día 11 de febrero con el dictamen en contra de la Comisión de Hacienda, aun sabiendo que iba a ser rechazado por electoralista y continuista, para seguir con su papel de víctima en lugar de tramitar el modificativo, que a estas alturas ya estaría aprobado definitivamente. Sabía que no se iba a aprobar un Presupuesto con más impuestos, más parálisis, más amiguismo, menos empleo, menos inversiones y menos prestaciones, es decir, con más Marea y menos Coruña. Al día siguiente, el 12 de febrero, nuestro Grupo Municipal solicitó un Pleno extraordinario, este con un asunto único propuesto para su aprobación y que es lo que vamos a votar hoy, que no es más que pacte con todos los Grupos Municipales ese modificativo que hemos requerido para los convenios con las entidades sociales, deportivas, educativas, culturales, vecinales, comerciales, de movilidad, de promoción económica, etc. y los gastos que sean de carácter obligatorio y prioritarios como es el incremento de la retribución de los funcionarios municipales. Estos convenios nominativos para más de 160 asociaciones, por importe de más de 6 millones de euros, son en la mayoría de los casos imprescindibles para su supervivencia y su funcionamiento. La Marea lleva cuatro años mareándolas, recortándoles los convenios, pagándoles tarde, poniéndoles trabas a sus actividades, considerándoles orcos, como las definió el número 7 de su lista, a todas no, a las afines, para las afines todo son

*orcos, como as definiu o número 7 da súa lista, a todas non, ás afíns, para as afíns todo son facilidades. Por tanto o 11 de febreiro non tiñamos que votar un Orzamento condenado desde había semanas, senón que tiñamos que aprobar un modificativo cos convenios e cos gastos que xa referimos e que así quería a Corporación.*

facilidades. Por tanto el 11 de febrero no teníamos que haber votado un Presupuesto condenado desde hacía semanas, sino que teníamos que haber aprobado un modificativo con los convenios y con los gastos que ya hemos referido y que así quería la Corporación.

*Ferreiro pretende a semana que vén traer a Pleno un modificativo de maneira unilateral, pasando o rodete ao estilo chavista e pasando do vitimismo á prepotencia, pretende repetir o erro. Dixémoslle o 11 de febreiro que sentase a negociar ao día seguinte, que estamos dispostos a pactar, dixémosllo todos os grupos. Non digan que a oposición tomba nada, deixen de mentir e enganar, hai marxe dabondo para mellorar e desde logo, se se nega a negociar, tentaremos melloralo.*

Ferreiro pretende la semana que viene traer a Pleno un modificativo de manera unilateral, pasando el rodillo al estilo chavista y pasando del victimismo a la prepotencia, pretende repetir el error. Le dijimos el 11 de febrero que se sentase a negociar al día siguiente, que estamos dispuestos a pactar, se lo dijimos todos los grupos. No digan que la oposición tumba nada, dejen de mentir y engañar, hay margen de sobra para mejorar y desde luego, si se niega a negociar, intentaremos mejorarlo.

*Pero imos falar do obxecto deste Pleno, imos falar de dereitos fundamentais. O que aquí se vai a votar é que vostede negocie, non que nos dea un documento pechado, hoxe non toca debater o seu proxecto e toca falar de dereitos fundamentais, señora Vieito. Este Pleno que solicitamos non é un paripé, senón un dereito fundamental que vostedes se saltaron á toureira durante catro anos como foi o caso do Pleno para pedir a nulidade dos "pisiños", que non convocaron e tivo que facelo o secretario pola súa negativa. Pola súa negativa durante catro anos a facilitar os medios materiais ou pola nula vontade negociadora co grupo maioritario da oposición. É por iso que o Partido Popular solicitou a convocatoria deste Pleno de carácter extraordinario, xa que cumpre o requisito de estar apoiado por máis da cuarta parte dos concelleiros da Corporación e vostede convócao coincidindo co Pleno da Deputación*

Pero vamos a hablar del objeto de este Pleno, vamos a hablar de derechos fundamentales. Lo que aquí se va a votar es que usted negocie, no que nos dé un documento cerrado, hoy no toca debatir su proyecto y toca hablar de derechos fundamentales, señora Vieito. Este Pleno que hemos solicitado no es un paripé, sino un derecho fundamental que ustedes se han saltado a la torera durante cuatro años como fue el caso del Pleno para pedir la nulidad de los "pisitos", que no convocaron y tuvo que hacerlo el secretario por su negativa. Por su negativa durante cuatro años a facilitar los medios materiales o por la nula voluntad negociadora con el grupo mayoritario de la oposición. Es por ello que el Partido Popular ha solicitado la convocatoria de este Pleno de carácter extraordinario, ya que cumple el requisito de estar apoyado por más de la cuarta parte de los concejales de la Corporación y usted lo convoca coincidiendo con el Pleno de la Diputación para que cinco concejales de

*para que cinco concelleiros desta Corporación teñamos que elixir estar aquí, saltándose as regras da democracia.*

*Moitas grazas.*

esta Corporación tengamos que elegir estar aquí, saltándose las reglas de la democracia.

Muchas gracias.

**Presidencia**

Ben, como introdución non está nada mal.

Señora Neira.

***Presidencia***

*Bueno, como introducción no está nada mal.*

*Señora Neira.*

**Señora Neira Fernández**

*Ben, pois vimos a un Pleno cun punto único. A min persoalmente tiven que darlle dúas voltas á lectura para saber un pouco de que se trataba, máis aínda, loxicamente, son perfectamente consciente de que era un Pleno que tiña que ser convocado, pero non deixa de ser un Pleno absolutamente baleiro de contido.*

*Atopámonos loxicamente cunha petición que se fai polo Partido Popular de Pleno extraordinario para que vostedes leven a cabo un modificativo consensuado e despois atopámonos cun modificativo que se vai a negociar, que se vai a negociar non, perdón, que se vai a traer a Pleno, a Pleno ordinario do día 11, sen que vostedes fixesen ningún tipo de intento de negocialo, acordalo, se finalmente o que lles interesa é que ese modificativo salga adiante, se finalmente o que lles interesa son eses proxectos que vostedes consideran prioritarios para a cidade, se é verdade que a vostedes o que lles interesa é escapar do electoralismo, ser responsables, como vostedes dicían, no debate de Orzamentos.*

*Eu non vou facer unha cronoloxía que loxicamente xa fixo a señora Gallego e que ademais cando se trata de*

***Señora Neira Fernández***

Bueno, pues venimos a un Pleno con un punto único. A mí personalmente he tenido que darle dos vueltas a la lectura para saber un poco de qué se trataba, más aún, lógicamente, soy perfectamente consciente de que era un Pleno que tenía que ser convocado, pero no deja de ser un Pleno absolutamente vacío de contenido.

Nos encontramos lógicamente con una petición que se hace por el Partido Popular de Pleno extraordinario para que ustedes lleven a cabo un modificativo consensuado y después nos encontramos con un modificativo que se va a negociar, que se va a negociar no, perdón, que se va a traer a Pleno, a Pleno ordinario del día 11, sin que ustedes hayan hecho ningún tipo de intento de negociarlo, consensuarlo, si finalmente lo que les interesa es que ese modificativo salga adelante, si finalmente lo que les interesa son esos proyectos que ustedes consideran prioritarios para la ciudad, si es verdad que a ustedes lo que les interesa es escapar del electoralismo, ser responsables, como ustedes decían, en el debate de Presupuestos.

Yo no voy a hacer una cronología que lógicamente ya hizo la señora Gallego y que además cuando se trata de cronología

*cronoloxía non hai opinións que dar. O Partido Socialista xa lles dixo a vostedes en decembro que se dedicasen a traballar para o modificativo, modificativo que ademais era urxente e niso estabamos de acordo os tres grupos da oposición. Díxoselles posteriormente que non se ían a aprobar os Orzamentos, vostedes dixeron que non ían levar o Orzamento a Pleno sen que tivesen o consenso, neste caso do Partido Socialista, tendo en conta que non negociaron co outro grupo que ten votos suficientes para darlle o seu apoio. Vimos a un Pleno cun informe negativo da Comisión de Facenda e atopámonos que se nos acusa de falta de responsabilidade, dinos que vostedes nos pediron propostas, que levaban negociando non se sabe canto tempo, é incerto, é incerto, é incerto. É incerto. Para min, o que se entende por negociar é unha cuestión distinta. Sexa como for, eu non me vou a remitir, eu non me vou a remitir á miña intervención anterior. Expliquei por que lles diciamos que non ao Pleno e por que nós viñamos pedindo o que considerabamos que era prioritario. Non lles daba tempo a vostedes sacar o Orzamento en tempo e forma e unha vez que sabían que os votos do Partido Socialista eran desfavorables, viñeron cun Pleno exclusivamente co fin de seguir unha estratexia, que pode ser lexítima a catro meses dunhas eleccións municipais, pero que desde logo era electoralista e que nada tiña que ver con ese sentido da responsabilidade da que vostedes nos acusan por estar falto deles.*

*Dixémoslles que sentasen a falar do modificativo, que era prioritario loxicamente as subvencións ás entidades, niso estamos de acordo, tanto o Partido Popular, como o Bloque Nacionalista Galego, como o Partido Socialista. E non o fixeron. Perderon un tempo importantísimo, importantísimo.*

no hay opiniones que dar. El Partido Socialista ya les dijo a ustedes en diciembre que se dedicaran a trabajar para el modificativo, modificativo que además era urgente y en eso estábamos de acuerdo los tres grupos de la oposición. Se les dijo posteriormente que no se iban a aprobar los Presupuestos, ustedes dijeron que no iban a llevar el Presupuesto a Pleno sin que tuvieran el consenso, en este caso del Partido Socialista, habida cuenta que no negociaron con el otro grupo que tiene votos suficientes para darle su apoyo. Venimos a un Pleno con un informe negativo de la Comisión de Hacienda y nos encontramos que se nos acusa de falta de responsabilidad, se nos dice que ustedes nos pidieron propuestas, que llevaban negociando no se sabe cuánto tiempo, es incierto, es incierto, es incierto. Es incierto. Para mí, lo que se entiende por negociar es una cuestión distinta. Sea como fuere, yo no me voy a remitir, yo no me voy a remitir a mi intervención anterior. Expliqué por qué les decíamos que no al Pleno y por qué nosotros veníamos pidiendo lo que considerábamos que era prioritario. No les daba tiempo a ustedes sacar el Presupuesto en tiempo y forma y una vez que sabían que los votos del Partido Socialista eran desfavorables, vinieron con un Pleno exclusivamente con el fin de seguir una estrategia, que puede ser legítima a cuatro meses de unas elecciones municipales, pero que desde luego era electoralista y que nada tenía que ver con ese sentido de la responsabilidad de la que ustedes nos acusan por estar falto de ellos.

Les dijimos que se sentaran a hablar del modificativo, que era prioritario lógicamente las subvenciones a las entidades, en eso estamos de acuerdo, tanto el Partido Popular, como el Bloque Nacionalista Galego, como el Partido Socialista. Y no lo hicieron. Han perdido un tiempo importantísimo,

*E agora vostedes din que non lles dá tempo a negociar cos grupos da oposición este modificativo e por tanto, poñen á oposición nunha situación complexa, seguindo esa estratexia do vitimismo que vostedes consideran que lles dá rédito electoral. Vostedes dixeron no Pleno de Orzamentos, dixo vostede, señora Vieito, cousas como: o único que lles interesa é un modificativo de convenios para manter a parroquia. A parroquia de quen? Que parroquia? Vostede cando vai presentar un modificativo cunha serie de subvencións a entidades, a quen lle está chamando parroquia? Quen son a parroquia de quen? Porque iso é unha falta, como pouco, de respecto, bastante considerable por parte dunha concelleira que senta neste Salón de Plenos a quen está facendo un labor social importantísimo como son as entidades sociais e se vostede considera que non o fan, non as subvencione. Así.*

*Vostede tamén dixo que necesitaban un modificativo de 8 millóns e agora atopámonos con 14, non vou entrar loxicamente no debate do modificativo porque xa entraremos no Pleno correspondente, despois de estudalo, despois de estudalo. Loxicamente cúmprense cuns prazos absolutamente curtos, non nos dan tempo a que nós estudemos e xa se nos quere inmediatamente traspasar a responsabilidade dun voto, etc., etc., etc. Pero ben, ese debate xa con outro tempo terémolo o próximo Pleno ordinario, loxicamente despois de estudar. Vostedes tamén falaron cos veciños do Castrillón, sentados no Salón de Plenos, que era imposible facer un modificativo para dotar a piscina do Castrillón. Aparece a piscina do Castrillón. Vostedes tamén contaron que era imposible, imposible se non aprobaba o Partido Socialista o seu Orzamento, que se puidese levar a cabo o tema do*

importantísimo. Y ahora ustedes dicen que no les da tiempo a negociar con los grupos de la oposición este modificativo y por lo tanto, ponen a la oposición en una situación compleja, siguiendo esa estrategia del victimismo que ustedes consideran que les da rédito electoral. Ustedes dijeron en el Pleno de Presupuestos, dijo usted, señora Vieito, cosas como: lo único que les interesa es un modificativo de convenios para mantener la parroquia ¿La parroquia de quién? ¿Qué parroquia? Usted cuando va a presentar un modificativo con una serie de subvenciones a entidades, ¿a quién le está llamando parroquia? ¿Quiénes son la parroquia de quién? Porque eso es una falta, como poco, de respeto, bastante considerable por parte de una concejala que se sienta en este Salón de Plenos a quienes están haciendo una labor social importantísima como son las entidades sociales y si usted considera que no lo hacen, no las subvencione. Así.

Usted también dijo que necesitaban un modificativo de 8 millones y ahora nos encontramos con 14, no voy a entrar lógicamente en el debate del modificativo porque ya entraremos en el Pleno correspondiente, después de estudiarlo, después de estudiarlo. Lógicamente se cumplen con unos plazos absolutamente cortos, no nos dan tiempo a que nosotros estudiemos y ya se nos quiere inmediatamente traspasar la responsabilidad de un voto, etc., etc., etc. Pero bueno, ese debate ya con otro tiempo lo tendremos el próximo Pleno ordinario, lógicamente después de estudiar. Ustedes también hablaron con los vecinos del Castrillón, sentados en el Salón de Plenos, que era imposible hacer un modificativo para dotar la piscina del Castrillón. Aparece la piscina del Castrillón. Ustedes también contaron que era imposible, imposible si no aprobaba el Partido Socialista su Presupuesto, que se pudiera llevar a cabo el tema del viaducto de la

*viaduto da Ronda de Nelle porque así llo dixeron aos veciños. Atopámonos tamén co viaduto da Ronda de Nelle. Tamén foron vostedes dicindo ás distintas entidades, porque loxicamente falan con todo o mundo, esta é unha cidade pequena, que non ían ter subvencións porque o Partido Socialista ía bloquear os Orzamentos que lles impediría desenvolver o seu labor, non lles chamaron parroquia nese momento. Non lles chamaron parroquia. Vostedes tamén dixeron que nos opoñeriamos e que teriamos un problema importante, vostedes terían un problema importante como Corporación Municipal porque non habería de onde sacar, non habería de onde sacar eses gastos obrigatorios en gastos de Persoal e tampouco terían vostedes de onde sacar para o edificio Conde de Fenosa. Non dixeron absolutamente nada. Ben, atopámonos por tanto nun Pleno que ten exclusivamente un contido de carácter electoral, vostedes fagan o que consideren oportuno. A realidade é que vostedes presentan un modificativo non por 8, senón por máis de 14 millóns de euros, onde vostedes contradinse con todo o anteriormente dito, sen negociar, cunha absoluta, eu non vou dicir falta de transparencia, pero desde logo cunha absoluta falta de respecto ás regras do xogo cando vostedes son un goberno de 10 concelleiros e loxicamente necesitan do apoio doutros grupos para sacar adiante estas cuestións e por tanto, oian, a responsabilidade de cada un está, o electoralismo que cada un considere que ten que facer a tres meses dunhas eleccións municipais e os réditos que crea que van conseguir pois xa entra no haber de cada un. Eu diríalle simplemente que faciliten canto antes a liquidación do ano 2018, que se dediquen vostedes a facer o que teñen que facer, a ver se en tres meses, xa que estamos nunha época de realismo máxico, vai dar tempo a facer todo*

Ronda de Nelle porque así se lo dijeron a los vecinos. Nos encontramos también con el viaducto de la Ronda de Nelle. También fueron ustedes diciendo a las distintas entidades, porque lógicamente hablan con todo el mundo, esta es una ciudad pequeña, que no iban a tener subvenciones porque el Partido Socialista iba a bloquear los Presupuestos que les impediría desarrollar su labor, no les llamaron parroquia en ese momento. No les llamaron parroquia. Ustedes también dijeron que nos opondríamos y que tendríamos un problema importante, ustedes tendrían un problema importante como Corporación Municipal porque no habría de donde sacar, no habría de donde sacar esos gastos obligatorios en gastos de Personal y tampoco tendrían ustedes de donde sacar para el edificio Conde de Fenosa. No dijeron absolutamente nada. Bueno, nos encontramos por tanto en un Pleno que tiene exclusivamente un contenido de carácter electoral, ustedes hagan lo que consideren oportuno. La realidad es que ustedes presentan un modificativo no por 8, sino por más de 14 millones de euros, donde ustedes se contradicen con todo lo anteriormente dicho, sin negociar, con una absoluta, yo no voy a decir falta de transparencia, pero desde luego con una absoluta falta de respeto a las reglas del juego cuando ustedes son un gobierno de 10 concejales y lógicamente necesitan del apoyo de otros grupos para sacar adelante estas cuestiones y por lo tanto, oigan, la responsabilidad de cada uno está, el electoralismo que cada uno considere que tiene que hacer a tres meses de unas elecciones municipales y los réditos que crea que van a conseguir pues ya entra en el haber de cada uno. Yo le diría simplemente que faciliten lo antes posible la liquidación del año 2018, que se dediquen ustedes a hacer lo que tienen que hacer, a ver si en tres meses, ya que estamos en una época de realismo mágico, les va a dar tiempo a hacer todo aquello

*aquilo que non fixeron en tres anos e medio e remítome, remítome á intervención efectuada no Pleno anterior.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas señora Neira.

Señora Gallego.

**Señora Gallego Neira**

*Ben, moitas grazas.*

*Di a portavoz socialista que é un Pleno baleiro de contido e de carácter electoral. Despois de todo o que acaba de dicir. Oxalá non fixese falta pedirlle ao señor Ferreiro que negocie, oxalá non fixese falta, pero é que claro, vostedes non teñen os concelleiros suficientes para poder pedir os Plenos, pero nós si os temos e entendemos que pedir que se negocie temas importantes para a cidade non é baleiro de contido, eu creo que é un contido importante e suficiente. Dicía antes que a señora Vieito dixo que este Pleno é un paripé, a súa xestión é un paripé. Quitáronlle Informática, Planificación, Interior, Contratación, deixáronlle Persoal e ten toda a xestión nos xulgados, e Facenda e non é capaz de aprobar un só Orzamento antes do 1 de xaneiro, de presentar unha Conta Xeral en prazo e de cumprir o período medio de pago tendo que dar 15 millóns aos bancos. Iso si é unha xestión paripé. Hoxe non imos valorar o seu modificativo que, se segue nos seus trece, pois se debaterá no Pleno do día 11 de marzo e porque ademais non tivemos acceso á documentación ata onte pola mañá, porque o anunciaron o xoves aos medios ás dez e media, antes que á oposición e convocaron a Xunta de Goberno ás 15:10 da tarde sen*

que no hicieron en tres años y medio y me remito, me remito a la intervención efectuada en el Pleno anterior.

Nada más y muchas gracias.

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias señora Neira.*

*Señora Gallego.*

***Señora Gallego Neira***

Bueno, muchas gracias.

Dice la portavoz socialista que es un Pleno vacío de contenido y de carácter electoral. Después de todo lo que acaba de decir. Ojalá no hiciese falta pedirle al señor Ferreiro que negocie, ojalá no hiciese falta, pero es que claro, ustedes no tienen los concejales suficientes para poder pedir los Plenos, pero nosotros si los tenemos y entendemos que pedir que se negocie temas importantes para la ciudad no es vacío de contenido, yo creo que es un contenido importante y suficiente. Decía antes que la señora Vieito dijo que este Pleno es un paripé, su gestión es un paripé. Le quitaron Informática, Planificación, Interior, Contratación, le dejaron Personal y tiene toda la gestión en los juzgados, y Hacienda y no es capaz de aprobar un solo Presupuesto antes del 1 de enero, de presentar una Cuenta General en plazo y de cumplir el período medio de pago teniendo que dar 15 millones a los bancos. Eso sí es una gestión paripé. Hoy no vamos a valorar su modificativo que, si sigue en sus trece, pues se debatirá en el Pleno del día 11 de marzo y porque además no tuvimos acceso a la documentación hasta ayer por la mañana, porque lo anunciaron el jueves a los medios a las diez y media, antes que a la oposición y convocaron la Junta de Gobierno a las 15:10 de la tarde sin contar

*contar cos votos suficientes para que se poida aprobar. Esa é a súa vontade negociadora e a súa actitude chavista e sectaria, pasar o rodete e de novo levar a Pleno un documento pechado, sen negociar con ninguén noutro exemplo de vitimismo e prepotencia. Logo dirán que non quixemos facer achegas como xa dixeron co Orzamento. O que tamén queda claro é que se podían aprobar convenios e investimentos co Orzamento prorrogado como así o expuxeron vostedes. Outro exemplo máis das súas mentiras, enganaron aos veciños do Castrillón e da Ronda de Nelle e tentaron poñelos en contra da oposición dicíndolles que se non se aprobaba o Orzamento non se podían licitar as obras, pois xa vemos que se poden incorporar ao Orzamento prorrogado e quen o atrasou son vostedes por capricho e vitimismo e porque non teñen os proxectos terminados, por moito que queiran presentarlles agora unhas fotos. Negaron que se puidesen incorporar investimentos vía modificativo e mentiron porque os proxectos aínda non están terminados, así o recoñeceu o alcalde no* Dillo Ti *o pasado sábado. Estes días presentaranlles un Power Point duns paneis para que se fagan ilusións, pero veremos se en dous meses son capaces de licitar as obras, oxalá sexa así polo ben da cidade. Finaliza o mandato como o empezou, sendo sectario e sen dialogar. Comezou o 2015 traendo un modificativo que foi rexeitado por non negociar e finaliza 2019 cun Orzamento rexeitado por non negociar e cun modificativo tampouco negociado. En catro anos non aprendeu nada, só a comprar pisos irregulares aos seus amigos, a ceder edificios públicos emblemáticos para a cidade con bases a dedo a colegas e adxudicar contratos menores a asinantes. O 11 de febreiro estivemos a debater un documento que Ferreiro tería que traer en novembro para entrar en vigor o 1 de*

con los votos suficientes para que se pueda aprobar. Esa es su voluntad negociadora y su actitud chavista y sectaria, pasar el rodillo y de nuevo llevar a Pleno un documento cerrado, sin negociar con nadie en otro ejemplo de victimismo y prepotencia. Luego dirán que no quisimos hacer aportaciones como ya han dicho con el Presupuesto. Lo que también queda claro es que se podían aprobar convenios e inversiones con el Presupuesto prorrogado como así lo han planteado ustedes. Otro ejemplo más de sus mentiras, engañaron a los vecinos del Castrillón y de la Ronda de Nelle e intentaron ponerlos en contra de la oposición diciéndoles que si no se aprobaba el Presupuesto no se podían licitar las obras, pues ya vemos que se pueden incorporar al Presupuesto prorrogado y quien lo ha retrasado son ustedes por capricho y victimismo y porque no tienen los proyectos terminados, por mucho que quieran presentarles ahora unas fotos. Negaron que se pudiesen incorporar inversiones vía modificativo y mintieron porque los proyectos aún no están terminados, así lo reconoció el alcalde en el *Dilo Tú* el pasado sábado. Estos días les presentarán un Power Point de unos paneles para que se hagan ilusiones, pero veremos si en dos meses son capaces de licitar las obras, ojalá sea así por el bien de la ciudad. Finaliza el mandato como lo empezó, siendo sectario y sin dialogar. Comenzó el 2015 trayendo un modificativo que fue rechazado por no negociar y finaliza 2019 con un Presupuesto rechazado por no negociar y con un modificativo tampoco negociado. En cuatro años no ha aprendido nada, solo a comprar pisos irregulares a sus amigos, a ceder edificios públicos emblemáticos para la ciudad con bases a dedo a colegas y adjudicar contratos menores a firmantes. El 11 de febrero estuvimos debatiendo un documento que Ferreiro tendría que haber traído en noviembre para entrar en vigor el

*xaneiro, pero foi incapaz por cuarto ano consecutivo. Un proxecto errado de Orzamento electoralista a dous meses das eleccións e continuísta porque A Coruña seguiría, de aprobarse, sucia, sen mantemento, paralizada, atrancada, abandonada, sen emprego e sen puxanza. Era un Orzamento tan malo que nin o alcalde quíxoo presentar, pero a vítima non é Ferreiro, a vítima desta situación son os coruñeses, as únicas vítimas de que atrasen agora o modificativo cos convenios e gastos imprescindibles son os coruñeses polo seu empeño en saírse coa súa. Uns convenios, por certo, que no Orzamento, no proxecto de Orzamento rexeitado, incluían un terceiro convenio coa Agencia de Ecología Urbana de Barcelona para reformar as liñas de bus por 100.000 euros, tras un en 2017 por 100.000 e outro en 2018 por 150.000 para o mesmo, pero para non cambiar nin unha soa liña. Reducían nun 68 por cento os convenios relacionados con emprego, a pesar de ser a cidade de Galicia onde menos baixou a taxa de paro e paro rexistrado desde as municipais de 2015. Eliminaban por terceiro ano os 24 convenios a asociacións de comercio, cambiándoos por subvencións cun recorte do 40 por cento, que ademais paga con atraso. Ademais reducían o Plan de Dinamización nun 27 por cento, será como castigo polas súas queixas por non acordar as campañas municipais, por prometer un Plan de Dinamización na Cidade Vella do que nada se sabe, pola ausencia de iluminación do Nadal nos barrios ou pola eliminación de aparcadoiros para carrís bicis sen bicis. Desaparecía o* Convenio de Mulleres Deportistas Galegas *para promocionar o deporte feminino por importe de 15.000 euros en 2018. En fin, o Orzamento foi ditaminado en contra na Comisión de Facenda e empeñouse en traelo a Pleno, atrasando o modificativo solicitado por*

1 de enero, pero fue incapaz por cuarto año consecutivo. Un proyecto fallido de Presupuesto electoralista a dos meses de las elecciones y continuista porque A Coruña seguiría, de haberse aprobado, sucia, sin mantenimiento, paralizada, atascada, abandonada, sin empleo y sin pujanza. Era un Presupuesto tan malo que ni el alcalde lo quiso presentar, pero la víctima no es Ferreiro, la víctima de esta situación son los coruñeses, las únicas víctimas de que retrasen ahora el modificativo con los convenios y gastos imprescindibles son los coruñeses por su empeño en salirse con la suya. Unos convenios, por cierto, que en el Presupuesto, en el proyecto de Presupuesto rechazado, incluían un tercer convenio con la Agencia de Ecología Urbana de Barcelona para reformar las líneas de bus por 100.000 euros, tras uno en 2017 por 100.000 y otro en 2018 por 150.000 para lo mismo, pero para no haber cambiado ni una sola línea. Reducían en un 68 por ciento los convenios relacionados con empleo, a pesar de ser la ciudad de Galicia donde menos ha bajado la tasa de paro y paro registrado desde las municipales de 2015. Eliminaban por tercer año los 24 convenios a asociaciones de comercio, cambiándolos por subvenciones con un recorte del 40 por ciento, que además paga con retraso. Además reducían el Plan de Dinamización en un 27 por ciento, será como castigo por sus quejas por no consensuar las campañas municipales, por prometer un Plan de Dinamización en la Ciudad Vieja del que nada se sabe, por la ausencia de iluminación navideña en los barrios o por la eliminación de aparcamientos para carriles bicis sin bicis. Desaparecía el *Convenio de Mujeres Deportistas Gallegas* para promocionar el deporte femenino por importe de 15.000 euros en 2018. En fin, el Presupuesto fue dictaminado en contra en la Comisión de Hacienda y se empeñó en traerlo a Pleno, retrasando el modificativo solicitado por

*todos os grupos da oposición. As máis de 160 entidades de todo tipo afectadas están molestas porque non teñen convenios, pero tamén conseguiron enfadar ás asociacións veciñais porque nos seus barrios non fixeron nada en catro anos e senten enganadas. Como non van sentirse defraudadas se anularon o Remanso, a Praza de Monte Alto, o Mercado de Santa Lucía ou o Polideportivo do Castrillón e non fixeron nada. Están enfadadas porque lles enganaron tres anos, durante tres anos e pretenden seguir enganándolles agora dicíndolles que ían facer en dous meses o que non fixeron en catro anos. Miúda axenda apurada de anuncios, a catro roldas de prensa diarias, que non van cumprir porque o martes comeza o chamado período de sombra electoral, pero por desgraza o período de sombra, nesta cidade leva catro anos, señor Ferreiro, desde que vostede goberna. Pero os veciños saben que o problema non é non ter un novo Orzamento a dous meses das municipais, o problema é que non fixeron nada nestes case catro anos que levan gobernando. Traia o modificativo consensuado e negociado canto antes, porque hai diñeiro dabondo para os gastos. Teñen 25 millóns máis de ingresos que de gastos no Orzamento prorrogado, incluíndo un préstamo de 8 millóns de euros. Teñen o remanente da liquidación de 2018, que xa debería de estar asinada, terminou o prazo o día 28. Foron 23 millóns en 2017, xa debe saber o remanente de 2018 a señora Vieito. Por certo, o que tamén teñen, nestes case catro anos, son 170 millóns para investimentos sen executar, 22 millóns e medio de fondos europeos perdidos, 65 millóns aos bancos incluíndo os 15 do superávit de 2017, 135 e medio adxudicados sen publicidade, 40 millóns de mil facturas irregulares pagadas por decreto do alcalde, 20 millóns de once mil contratos menores, pero segundo a*

todos los grupos de la oposición. Las más de 160 entidades de todo tipo afectadas están molestas porque no tienen convenios, pero también han conseguido enfadar a las asociaciones vecinales porque en sus barrios no han hecho nada en cuatro años y se sienten engañadas. Como no van a sentirse defraudadas si anularon el Remanso, la Plaza de Monte Alto, el Mercado de Santa Lucía o el Polideportivo del Castrillón y no han hecho nada. Están enfadadas porque les engañaron tres años, durante tres años y pretenden seguir engañándoles ahora diciéndoles que iban a hacer en dos meses lo que no hicieron en cuatro años. Menuda agenda apurada de anuncios, a cuatro ruedas de prensa diarias, que no van a cumplir porque el martes comienza el llamado período de sombra electoral, pero por desgracia el período de sombra, en esta ciudad lleva cuatro años, señor Ferreiro, desde que usted gobierna. Pero los vecinos saben que el problema no es no tener un nuevo Presupuesto a dos meses de las municipales, el problema es que no han hecho nada en estos casi cuatro años que llevan gobernando. Traiga el modificativo consensuado y negociado cuanto antes, porque hay dinero de sobra para los gastos. Tienen 25 millones más de ingresos que de gastos en el Presupuesto prorrogado, incluyendo un préstamo de 8 millones de euros. Tienen el remanente de la liquidación de 2018, que ya debería de estar firmada, terminó el plazo el día 28. Fueron 23 millones en 2017, ya debe saber el remanente de 2018 la señora Vieito. Por cierto, lo que también tienen, en estos casi cuatro años, son 170 millones para inversiones sin ejecutar, 22 millones y medio de fondos europeos perdidos, 65 millones a los bancos incluyendo los 15 del superávit de 2017, 135 y medio adjudicados sin publicidad, 40 millones de mil facturas irregulares pagadas por decreto del alcalde, 20 millones de once mil contratos menores, pero según la Marea, la culpa de

*Marea, a culpa de todo tena a oposición. Que a cidade estea sucia, descoidada, paralizada, atrancada, abandonada, sen mantemento e chea de pintadas, non é culpa da oposición. Que bloqueen investimentos como o Mercado de Santa Lucía e o Centro de Saúde especialmente, a intermodal ou Alfonso Molina, non é culpa da oposición. Que non fose capaz de facer nin unha soa escola infantil, nin un centro cívico, nin un centro de día, nin un parque, nada de nada, non é culpa da oposición. Que convertese a Coruña na cidade galega na que menos baixou a taxa de paro, o paro rexistrado desde 2015, non é culpa da oposición. Que se negue a baixar o IBI porque non executa e subise o recibo da auga para incrementar o gasto en festas, tampouco é culpa da oposición. Que é cómplice do Goberno do Estado cos seus votos para elixir a Sánchez sen nada a cambio para a cidade e apoiando o Orzamento do Estado do 2017, a pesar de ser letal e así recoñecelo vostedes mesmos, ser letal para a cidade, é vostede e o seu goberno da Marea e, evidentemente os socialistas, que lle deron un cheque en branco durante estes catro anos. Os coruñeses están fartos dun desgoberno xeneralizado, en parálise permanente, con incapacidade abafadora e ineficacia letal. Están fartos, señor Ferreiro, do peor goberno da historia da cidade.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Vieito.

**Señora Vieito Blanco**

A petición por parte do PP dun Pleno extraordinario, señora Gallego, no que solicita un modificativo que xa se está

todo la tiene la oposición. Que la ciudad esté sucia, descuidada, paralizada, atascada, abandonada, sin mantenimiento y llena de pintadas, no es culpa de la oposición. Que bloqueen inversiones como el Mercado de Santa Lucía y el Centro de Salud especialmente, la intermodal o Alfonso Molina, no es culpa de la oposición. Que no haya sido capaz de hacer ni una sola escuela infantil, ni un centro cívico, ni un centro de día, ni un parque, nada de nada, no es culpa de la oposición. Que haya convertido la Coruña en la ciudad gallega en la que menos ha bajado la tasa de paro, el paro registrado desde 2015, no es culpa de la oposición. Que se niegue a bajar el IBI porque no ejecuta y haya subido el recibo del agua para incrementar el gasto en fiestas, tampoco es culpa de la oposición. Que es cómplice del Gobierno del Estado con sus votos para elegir a Sánchez sin nada a cambio para la ciudad y apoyando el Presupuesto del Estado del 2017, a pesar de ser letal y así reconocerlo ustedes mismos, ser letal para la ciudad, es usted y su gobierno de la Marea y, evidentemente los socialistas, que le han dado un cheque en blanco durante estos cuatro años. Los coruñeses están hartos de un desgobierno generalizado, en parálisis permanente, con incapacidad abrumadora e ineficacia letal. Están hartos, señor Ferreiro, del peor gobierno de la historia de la ciudad.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Tiene la palabra la señora Vieito.*

***Señora Vieito Blanco***

*La petición por parte del PP de un Pleno extraordinario, señora Gallego, en el que solicita un modificativo que ya se está*

tramitando, está pedindo algo que xa estamos poñendo en marcha por parte do goberno, non responde máis que a un intento de lavar a cara, lavar a cara diante da cidadanía que privou coa axuda do PSOE tamén duns orzamentos e por mero interese electoral. E realmente están pedindo unha negociación cando realmente tampouco tiveron nunca ningunha intención de negociar. O único que pretende vostede, señora Gallego, solicitando este Pleno é facer un paripé, si, llo volvo a repetir, un paripé como paripé é a campaña de difamación que están facendo da cidade, que ademais, por outra parte, lles está saíndo o revés e sobre a que mentiron dicindo que non eran os autores vostedes. Os Orzamentos os tombaron tanto o PP como o PSOE e os tombaron exclusivamente por eses mesmos motivos electorais que vostede está facendo, esa campaña que realmente é unha campaña contra a propia cidade e sen facer a eses Orzamentos ningunha proposta, ningunha alegación, ningunha emenda. Non contentos ademais con tombar os Orzamentos, aínda, con gran parte das asociacións de veciños e veciñas, que esas non deben de ser a súa parroquia señora Neira, porque nin sequera, nin sequera as atendeu, que estaban concentradas na porta do Concello para pedir que se lles dera unha oportunidade, que se lle dera unha oportunidade ao proxecto de Orzamentos ese mesmo día, van e solicitan un Pleno o día seguinte para realizar un modificativo que xa levaban pedindo desde xaneiro. Modificativo onde inicialmente so presentaban que había que pagar convenios, no que non tiñan en conta nin os investimentos, investimentos que despois se cansan de dicir que non incluímos e que non executamos, que parecía que tanto lles importaban antes, nin tan sequera incluían os gastos que son de obrigado cumprimento e que son prioritarios,

*tramitando, está pidiendo algo que ya estamos poniendo en marcha por parte del gobierno, no responde más que a un intento de lavar la cara, lavar la cara delante de la ciudadanía que privó con la ayuda del PSOE también de unos Presupuestos y por mero interés electoral. Y realmente están pidiendo una negociación cuando realmente tampoco tuvieron nunca ninguna intención de negociar. Lo único que pretende usted, señora Gallego, solicitando este Pleno es hacer un paripé, sí, se lo vuelvo a repetir, un paripé como paripé es la campaña de difamación que están haciendo de la ciudad, que además, por otra parte, les está saliendo el revés y sobre la que mintieron diciendo que no eran los autores ustedes. Los Presupuestos los tumbaron tanto el PP como el PSOE y los tumbaron exclusivamente por esos mismos motivos electorales que usted está haciendo, esa campaña que realmente es una campaña contra la propia ciudad y sin hacer a esos Presupuestos ninguna propuesta, ninguna alegación, ninguna enmienda. No contentos además con tumbar los Presupuestos, aun, con gran parte de las asociaciones de vecinos y vecinas, que esas no deben de ser su parroquia señora Neira, porque ni siquiera, ni siquiera las atendió, que estaban concentradas en la puerta del Ayuntamiento para pedir que se les diera una oportunidad, que se le diera una oportunidad al proyecto de Presupuestos ese mismo día, van y solicitan un Pleno el día siguiente para realizar un modificativo que ya llevaban pidiendo desde enero. Modificativo donde inicialmente solo presentaban que había que pagar convenios, en el que no tenían en cuenta ni las inversiones, inversiones que después se cansan de decir que no incluimos y que no ejecutamos, que parecía que tanto les importaban antes, ni tan siquiera incluían los gastos que son de obligado cumplimiento y que son prioritarios, gastos como los de Personal*

gastos como os de Persoal por 3,8 millóns, que se financiaban no proxecto de Orzamentos e que tamén se contemplaban neste modificativo que aprobamos onte na Xunta de Goberno, que inclúen, señora Neira, medidas aprobadas en Madrid polo goberno de Pedro Sánchez, que vostede debía de coñecer polo menos, unha subida retributiva do persoal do Concello, o custe da xubilación anticipada de policías, nesas dúas medidas ían xa 2,6 millóns de euros, medidas ademais aprobadas en decembro por Real Decreto que non podiamos ter incluído nin previsto ata ese momento e para as que non había crédito suficiente no Orzamento prorrogado, pero que si se contemplaban nun proxecto de Orzamentos que vostedes tombaron o 11 de febreiro e que a semana que vén ademais podería ter xa entrado en vigor se tiveran permitido que se aprobara, como manifestaron inicialmente cando empezamos a negociar con vostedes hai uns tres meses, daquela vostedes non falaban de falta de execución, non sei como negocian vostedes, pero eu falei con vostedes e estaban dispostos a aprobar ese proxecto de Orzamentos, despois parece ser que alguén decidiu no seu partido que era máis conveniente electoralmente votar en contra dos Orzamentos, ese proxecto de Orzamentos tamén incluía a execución do acordo da mediación intraxudicial do conflito, no conflito do edificio Fenosa, 2,9 millóns a sumar a eses gastos de persoal que tamén se incluía a través dunha emenda nese proxecto de Orzamentos que polo menos daba solución á gran mostra da boa xestión urbanística que o PSOE levou a cabo nesta cidade, grazas a este goberno e grazas esa solución, a ter traballado para esa mediación intraxudicial neste caso e aproveito para darlle as grazas á directora da Asesoría Xurídica, que foi a causante e a principal axente deste

*por 3,8 millones, que se financiaban en el proyecto de Presupuestos y que también se contemplaban en este modificativo que aprobamos ayer en la Junta de Gobierno, que incluyen, señora Neira, medidas aprobadas en Madrid por el gobierno de Pedro Sánchez, que usted debía de conocer por lo menos, una subida retributiva del personal del Ayuntamiento, el coste de la jubilación anticipada de policías, en esas dos medidas iban ya 2,6 millones de euros, medidas además aprobadas en diciembre por Real Decreto que no me los podía haber incluido ni previsto hasta ese momento y para las que no había crédito suficiente en el Presupuesto prorrogado, pero que sí se contemplaban en un proyecto de Presupuestos que ustedes tumbaron el 11 de febrero y que la semana que viene además podría haber ya entrado en vigor si hubieran permitido que se aprobara, como manifestaron inicialmente cuando empezamos a negociar con ustedes hace unos tres meses, luego ustedes no hablaban de falta de ejecución, no sé cómo negocian ustedes, pero yo hablé con ustedes y estaban dispuestos a aprobar ese proyecto de Presupuestos, después parece ser que alguien decidió en su partido que era más conveniente electoralmente votar en contra de los Presupuestos, ese proyecto de Presupuestos también incluía la ejecución del acuerdo de la mediación intrajudicial del conflicto, en el conflicto del edificio Fenosa, 2,9 millones a sumar a esos gastos de personal que también se incluía a través de una enmienda en ese proyecto de Presupuestos que por lo menos daba solución a la gran muestra de la buena gestión urbanística que el PSOE llevó a cabo en esta ciudad, gracias a este gobierno y gracias esa solución, a haber trabajado para esa mediación intrajudicial en este caso y aprovecho para darle las gracias a la directora de la Asesoría Jurídica, que fue la causante y la principal agente de este acuerdo. Gasto*

acordo. Gasto que ademais temos tres meses para facer efectivo e de terse aprobado nese Pleno do 11 de febreiro tamén podería estar aprobado xa definitivamente a semana que vén, nese Pleno, señora Neira, se lles pedía polo menos ser parte da solución e nin iso. Como goberno exercemos a responsabilidade de levar o proxecto de Orzamentos a Pleno, como é responsabilidade de calquera goberno, tamén da de Pedro Sánchez en Madrid, que fixo o mesmo e como corresponde a un goberno responsable que pon por diante os intereses da cidade e non os electorais, tamén empezamos a tramitar este modificativo de forma urxente desde o día seguinte, buscando o financiamento para todos os gastos que de forma tamén urxente, como vostedes solicitaron, levamos á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, tal e como vostedes pediron. Xa lle dixen nese Pleno, señora Neira, que non había marxe de negociación, que o que acababan de rexeitar os partidos que votaron en contra do proxecto de Orzamento. Non hai marxe de negociación para buscar gastos obrigatorios nun Orzamento con 30 millóns menos que o prorrogado en vigor, no que faltan ademais eses 25 millóns de investimentos que non se prorrogan, no que as baixas hai que buscalas ademais na súa maioría en partidas de gasto corrente que xa están comprometidas ou en execución, desde logo non foi fácil e vai ter consecuencias buscar esas baixas nesas partidas de gasto corrente e parece que a vostedes non lles importa. O modificativo que estamos a tramitar financiase con 5,9 millóns de euros de baixas sobre ese prorrogado, despois de ter feito un esforzo deixando o gasto corrente necesario ao mínimo, incluímos precisamente un préstamo de 6,5 millóns de forma excepcional nun Orzamento prorrogado que só pode dedicarse

*que además tenemos tres meses para hacer efectivo y de haberse aprobado en ese Pleno de 11 de febrero también podría estar aprobado ya definitivamente la semana que viene, en ese Pleno, señora Neira, se les pedía por lo menos ser parte de la solución y ni eso. Como gobierno ejercimos la responsabilidad de llevar el proyecto de Presupuestos a Pleno, como es responsabilidad de cualquier gobierno, también de la de Pedro Sánchez en Madrid, que hizo lo mismo y como corresponde a un gobierno responsable que ponen por delante los intereses de la ciudad y no los electorales, también empezamos a tramitar este modificativo de forma urgente desde el día siguiente, buscando la financiación para todos los gastos que de forma también urgente, como ustedes solicitaron, llevamos a la Junta de Gobierno Local para su aprobación, tal y como ustedes pidieron. Ya le dije en ese Pleno, señora Neira, que no había margen de negociación, que lo que acababan de rechazar los partidos que votaron en contra del proyecto de Presupuesto. No hay margen de negociación para buscar gastos obligatorios en un Presupuesto con 30 millones menos que el prorrogado en vigor, en el que faltan además esos 25 millones de inversiones que no se prorrogan, en el que las bajas hay que buscarlas además en su mayoría en partidas de gasto corriente que ya están comprometidas o en ejecución, desde luego no fue fácil y va a tener consecuencias buscar esas bajas en esas partidas de gasto corriente y parece que a ustedes no les importa. El modificativo que estamos tramitando se financia con 5,9 millones de euros de bajas sobre ese prorrogado, después de haber hecho un esfuerzo dejando el gasto corriente necesario al mínimo, incluimos precisamente un préstamo de 6,5 millones de forma excepcional en un Presupuesto prorrogado que solo puede dedicarse además a financiar inversiones, no otro*

ademais a financiar investimentos, non outro tipo de gastos e incluímos tamén 1 millón e medio de ingresos obtidos en base ao novo arrendamento do Hotel Atlántico, que precisamente este goberno conseguiu revisando esa concesión. No modificativo que levamos onte á Xunta de Goberno non só cubrimos eses gastos obrigatorios, sobre os que advertimos por activa e por pasiva, que tiñan que ir incluídos nun modificativo que os tres grupos inicialmente só pedían para convenios, senón que ademais incluímos o financiamento de todos os convenios, tal como figuraba no proxecto de Orzamentos de 2019 e incluso conseguimos recuperar parte dos investimentos máis importantes do proxecto a través do financiamento mediante ese préstamo.

*tipo de gastos e incluimos también 1 millón y medio de ingresos obtenidos en base al nuevo arrendamiento del Hotel Atlántico, que precisamente este gobierno consiguió revisando esa concesión. En el modificativo que llevamos ayer a la Junta de Gobierno no solo cubrimos esos gastos obligatorios, sobre los que advertimos por activa y por pasiva, que tenían que ir incluidos en un modificativo que los tres grupos inicialmente solo pedían para convenios, sino que además incluimos la financiación de todos los convenios, tal como figuraba en el proyecto de Presupuestos de 2019 e incluso conseguimos recuperar parte de las inversiones más importantes del proyecto a través de la financiación mediante ese préstamo.*

Nada máis.

*Nada más.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben. Moitas grazas.

*Muy bien. Muchas gracias.*

Ten a palabra de novo a señora Neira.

*Tiene la palabra de nuevo la señora Neira.*

**Señora Neira Fernández**

***Señora Neira Fernández***

*Grazas señor alcalde.*

Gracias señor alcalde.

*Señora Vieito, non me chegan os cinco minutos para contestarlle a cada unha das cuestións que vostede acaba de dicir, basicamente porque se dirixiu a min ou ao Partido Socialista practicamente a totalidade da súa intervención. Mire, eu voulle a dicir unha cousa que supoño que para calquera concelleiro ou para calquera persoa que se dedique á política ten que ser xa de caixón. En primeiro lugar que vostedes teñen dez concelleiros, en*

Señora Vieito, no me llegan los cinco minutos para contestarle a cada una de las cuestiones que usted acaba de decir, básicamente porque se ha dirigido a mí o al Partido Socialista prácticamente la totalidad de su intervención. Mire, yo le voy a decir una cosa que supongo que para cualquier concejal o para cualquier persona que se dedique a la política tiene que ser ya de cajón. En primer lugar que ustedes tienen diez concejales, en segundo lugar que ustedes gobiernan

*segundo lugar que vostedes gobernan evidentemente grazas ao apoio do Grupo Municipal Socialista. Iso non significa que vostedes tivesen un cheque en branco. Iso non significa iso. E eu expliqueillo moi ben, nós non lle aprobamos o seu proxecto de Orzamentos por moitas razóns, a razón fundamental é que nós facemos unha emenda á totalidade da súa xestión porque foi nefasta, sacando honrosas excepcións, empezando pola súa, señora Vieito, á fronte da Concellería de Facenda e Persoal, que é a concelleira que ten maior récord en problemas cos funcionarios ou nos problemas relacionados coa súa Área, por tanto, por tanto un pouquiño de humildade, un pouquiño máis de humildade e un pouquiño menos de prepotencia. Vostede di que eu ou que nós non recibimos ás Asociacións de Veciños, vai vostede a perdoar, pero iso é mentira, mentira e ademais dígolle que é mentira, non lle digo que vostede estea equivocada, porque creo que ademais o fai con toda a intencionalidade posible, é mentira. Eu teño o bo costume, como o tiven sempre, de coller sempre o teléfono e de estar sempre alén do teléfono para calquera que me chame, é máis, é que en moitas ocasións chamo eu, a diferenza, a diferenza, do que fai vostede como concelleira responsable de Facenda, a diferenza diso. Iso en primeiro lugar. En segundo lugar, señora Vieito, vostedes non levaban tres meses negociando connosco nin moitísimo menos, pero xa está, xa lle volvo a repetir, nós lle diximos que non ao Orzamento dunha maneira responsable, porque un Orzamento non aprobado si implica un Orzamento prorrogado, con marxe suficiente en 221 millóns para facer os modificativos ou os cambios de crédito que vostedes consideran innecesario, á vista está do que presentan, sen negociar nin acordar, que si que era posible para establecer os investimentos*

evidentemente gracias al apoyo del Grupo Municipal Socialista. Eso no significa que ustedes hayan tenido un cheque en blanco. Eso no significa eso. Y yo se lo expliqué muy bien, nosotros no le aprobamos su proyecto de Presupuestos por muchas razones, la razón fundamental es que nosotros hacemos una enmienda a la totalidad de su gestión porque ha sido nefasta, sacando honrosas excepciones, empezando por la suya, señora Vieito, al frente de la Concejalía de Hacienda y Personal, que es la concejala que tiene mayor récord en problemas con los funcionarios o en los problemas relacionados con su Área, por lo tanto, por lo tanto un poquito de humildad, un poquito más de humildad y un poquito menos de prepotencia. Usted dice que yo o que nosotros no recibimos a las Asociaciones de Vecinos, me va usted a perdonar, pero eso es mentira, mentira y además le digo que es mentira, no le digo que usted esté equivocada, porque creo que además lo hace con toda la intencionalidad posible, es mentira. Yo tengo la buena costumbre, como la he tenido siempre, de coger siempre el teléfono y de estar siempre al otro lado del teléfono para cualquiera que me llame, es más, es que en muchas ocasiones llamo yo, a diferencia, a diferencia, de lo que hace usted como concejala responsable de Hacienda, a diferencia de eso. Eso en primer lugar. En segundo lugar, señora Vieito, ustedes no llevaban tres meses negociando con nosotros ni muchísimo menos, pero ya está, ya le vuelvo a repetir, nosotros le dijimos que no al Presupuesto de una manera responsable, porque un Presupuesto no aprobado sí implica un Presupuesto prorrogado, con margen suficiente en 221 millones para hacer los modificativos o los cambios de crédito que ustedes consideran innecesario, a la vista está del que presentan, sin negociar ni consensuar, que sí que era posible para establecer las inversiones que ustedes consideren prioritarias y usted, usted, lo

*que vostedes consideren prioritarios e vostede, vostede, o que tería que facer é saber por que teñen os niveis de execución como os teñen e deixe vostede de contar o conto do 80 por cento cando vostedes meten os gastos de persoal e os gastos fixos que xa se fan sós, que non fai falta un concelleiro, nin ningún xenio ao fronte que para iso están os funcionarios, para saber que se teñen que pagar as nóminas e que se teñen que pagar os gastos fixos que ten unhas dependencias municipais. Cal é a xestión que vostedes teñen como Marea Atlántica? Cal é o cumprimento do seu programa electoral? Pois a partir de agora, oia, fagan vostedes a campaña que consideren oportuno, pero neste Salón de Plenos non se pode faltar á verdade, fundamentalmente cando os datos están aí. Eu agradézolle, vólvollo a dicir, os bos consellos que seguramente vostede dálle ao Partido Socialista para que actúe: Aplíquello a vostede. Aplíquello a vostede e ao grupo político ao que representa. Que polo que conta a prensa, tranquilo tampouco está. Aplíquello a vostede e teña polo menos, teña polo menos, o mesmo respecto que temos nós, que cando se trata de coller os votos somos todos moi bos e cando se trata de que lle digan as catro verdades que nós consideramos oportunas, non somos nós tan bos. Existiu unha absoluta falta de xestión, existiu unha falta de proxecto, atopámonos con todos os Orzamentos aprobados moi fóra de prazo e mire vostede, o Orzamento do ano 2017, que se aproba coa cuestión de confianza e que é o Orzamento que é exclusivamente seu, que vostedes non poden poñer a escusa de que tiña medidas, que lle poñía encima da mesa o Partido Socialista, ten os niveis de execución que ten, por certo, no Orzamento de 2017, nin unha soa mención á piscina do Castrillón, tampouco ao viaduto da Ronda de Nelle, que hai pouco nos pasa vostede un papel*

que tendría que hacer es saber por qué tienen los niveles de ejecución como los tienen y deje usted de contar el cuento del 80 por ciento cuando ustedes meten los gastos de personal y los gastos fijos que ya se hacen solos, que no hace falta un concejal, ni ninguna lumbrera al frente que para eso están los funcionarios, para saber que se tienen que pagar las nóminas y que se tienen que pagar los gastos fijos que tiene unas dependencias municipales. ¿Cuál es la gestión que ustedes tienen como Marea Atlántica? ¿Cuál es el cumplimiento de su programa electoral? Pues a partir de ahora, oiga, hagan ustedes la campaña que consideren oportuno, pero en este Salón de Plenos no se puede faltar a la verdad, fundamentalmente cuando los datos están ahí. Yo le agradezco, se lo vuelvo a decir, los buenos consejos que seguramente usted le da al Partido Socialista para que actúe: Aplíqueselo a usted. Aplíqueselo a usted y al grupo político al que representa. Que por lo que cuenta la prensa, tranquilo tampoco está. Aplíqueselo a usted y tenga por lo menos, tenga por lo menos, el mismo respeto que tenemos nosotros, que cuando se trata de coger los votos somos todos muy buenos y cuando se trata de que le digan las cuatro verdades que nosotros consideramos oportunas, no somos nosotros tan buenos. Ha existido una absoluta falta de gestión, ha existido una falta de proyecto, nos encontramos con todos los Presupuestos aprobados muy fuera de plazo y mire usted, el Presupuesto del año 2017, que se aprueba con la cuestión de confianza y que es el Presupuesto que es exclusivamente suyo, que ustedes no pueden poner la excusa de que tenía medidas, que le ponía encima de la mesa el Partido Socialista, tiene los niveles de ejecución que tiene, por cierto, en el Presupuesto de 2017, ni una sola mención a la piscina del Castrillón, tampoco al viaducto de la Ronda de Nelle, que hace poco nos pasa usted un papel diciendo que no le consta documentación alguna sobre

*dicindo que non lle consta documentación algunha sobre esa cuestión, xa falaremos disto tamén no próximo Pleno. E vostedes agora, están a dicirme que tiveron unha incapacidade de gobernar, por que? Vostedes tiveron os Orzamentos negociados aprobados, non executaron nin o propio nin o alleo. Volvo repetir está reformado ou arranxado o García Sabell? Están a reordenación das liñas de autobús feitas? O que temos é unha campaña publicitaria* das melloras no autobús *en papel satinado e con moitísima tinta que debe custar o seu bo diñeiro, neste momento está a repartirse xa. En véspera do que moi ben dicía a señora Rosa Gallego, como se lle chama o período escuro no que xa non se pode facer nada, exactamente igual que na inauguración…*

esa cuestión, ya hablaremos de esto también en el próximo Pleno. Y ustedes ahora, me están diciendo que han tenido una incapacidad de gobernar ¿por qué? Ustedes han tenido los Presupuestos negociados aprobados, no han ejecutado ni lo propio ni lo ajeno. Le vuelvo a repetir ¿está reformado o arreglado el García Sabell? ¿Están la reordenación de las líneas de autobús hechas? Lo que tenemos es una campaña publicitaria *de las mejoras en el autobús* en papel satinado y con muchísima tinta que debe costar su buen dinero, en este momento se está repartiendo ya. En víspera de lo que muy bien decía la señora Rosa Gallego, como se le llama el período oscuro en el que ya no se puede hacer nada, exactamente igual que en la inauguración…

**Presidencia**

Vaia rematando señora Neira, por favor.

***Presidencia***

*Vaya finalizando señora Neira, por favor.*

**Señora Neira Fernández**

*…que imos ter das cubertas de Riazor, que foi a súa obra estrela, vostedes tiveron a capacidade de xestionar e xestionar e nós démoslle un apoio sendo responsables coa maioría dos cidadáns que querían unha alternativa de esquerda nesta cidade. Porque a alternativa sería outra, señora Rosa Gallego. E loxicamente despois dos seus catro anos de goberno de maioría absoluta e o que pasou esta cidade e o que pasou este país coa súa política de recortes, non atoparán aí o apoio do Partido Socialista. Pero vostedes, señora Vieito, foron os responsables de xestionar esa confianza e non o fixeron, demostraron unha incapacidade absoluta na xestión…*

***Señora Neira Fernández***

…que vamos a tener de las cubiertas de Riazor, que ha sido su obra estrella, ustedes han tenido la capacidad de gestionar y gestionar y nosotros le dimos un apoyo siendo responsables con la mayoría de los ciudadanos que querían una alternativa de izquierda en esta ciudad. Porque la alternativa hubiera sido otra, señora Rosa Gallego. Y lógicamente después de sus cuatro años de gobierno de mayoría absoluta y lo que ha pasado esta ciudad y lo que ha pasado este país con su política de recortes, no encontrarán ahí el apoyo del Partido Socialista. Pero ustedes, señora Vieito, han sido los responsables de gestionar esa confianza y no lo han hecho, han demostrado una incapacidad absoluta en la gestión…

**Presidencia**

***Presidencia***

Remate xa señora Neira, por favor.

**Señora Neira Fernández**

*...e nada máis.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Gallego.

**Señora Gallego Neira**

*Ben, moitas grazas.*

*Ben, antes de nada, o anuncio da portavoz socialista será a noticia do Pleno de hoxe, porque está claro que volverán pactar coa Marea e volverán darlle un cheque en branco se teñen ocasión. Épocas de recortes non, épocas de axustes, porque a época de Zapatero, ben, non imos lembrala agora porque nos levaría outro Pleno enteiro que podemos solicitar, que aínda nos queda algún por pedir. Fíxoo bo Sánchez, iso si. Señora Vieito, imos ver, non nos conte o seu modificativo, é que aínda non entendeu por que estamos aquí, estamos para pedirlles que negocien un modificativo. Que están vostedes facendo o que estean a facer, é que moi ben, moi ben, pero estamos a pedirlle que negocie, que logo non se queixe e que logo non mintan aos veciños, pero claro, negociar para vostedes si é un paripé porque, hai dous anos, máis de dous anos, que non nos chamaron absolutamente para nada, presentamos alegacións a todo, presentamos mocións en todos os Plenos, que xa nos din que non presentemos tantas e non nos fan nin caso. Ao partido maioritario da oposición. Pero por fin chega o punto e final a catro anos de parálises, de ineficacia, de amiguismo, de sectarismo,*

*Finalice ya señora Neira, por favor.*

***Señora Neira Fernández***

…y nada más.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Señora Gallego.*

***Señora Gallego Neira***

Bueno, muchas gracias.

Bueno, antes de nada, el anuncio de la portavoz socialista será la noticia del Pleno de hoy, porque está claro que volverán a pactar con la Marea y volverán a darle un cheque en blanco si tienen ocasión. Épocas de recortes no, épocas de ajustes, porque la época de Zapatero, bueno, no vamos a recordarla ahora porque nos llevaría otro Pleno entero que podemos solicitar, que aún nos queda alguno por pedir. Lo ha hecho bueno Sánchez, eso sí. Señora Vieito, vamos a ver, no nos cuente su modificativo, es que todavía no ha entendido por qué estamos aquí, estamos para pedirles que negocien un modificativo. Que están ustedes haciendo lo que estén haciendo, es que muy bien, muy bien, pero le estamos pidiendo que negocie, que luego no se queje y que luego no mientan a los vecinos, pero claro, negociar para ustedes sí es un paripé porque, hace dos años, más de dos años, que no nos han llamado absolutamente para nada, presentamos alegaciones a todo, presentamos mociones en todos los Plenos, que ya nos dicen que no presentemos tantas y no nos hacen ni caso. Al partido mayoritario de la oposición. Pero por fin llega el punto y final a cuatro años de parálisis, de ineficacia, de amiguismo, de sectarismo,

*de vitimismo, de improvisación, de incumprimentos, de prepotencia, de enganos, de incompetencia. En 2015 entraron en María Pita colgándose o cartel de vítimas e en 2019 seguen co vitimismo. En 2015 Ferreiro foise de xira mediática por todas as televisións sobre un falso caos económico e en 2018 entregou o superávit aos bancos. En 2015 Ferreiro entrou paralizando a adxudicación da ORA para remunicipalizar e en 2019 non ha remunicipalizado nada. En 2015 Ferreiro recortou case 2 millóns en emprego, educación e deportes no seu primeiro modificativo e en 2019 trouxo un Orzamento que reducía investimentos, partidas de comercio, de emprego, de rehabilitación ou prestacións sociais. En 2015 Ferreiro anunciaba que se acabaron os desafiuzamentos e os poboados chabolistas e en 2019 seguen. En 2015 Ferreiro anunciaba a rescisión de contratos que deixou o Partido Popular asinados, o Remanso, Praza de Monte Alto, Mercado de Santa Lucía ou o Polideportivo do Castrillón e en 2019 non moveu nin un ladrillo. En 2015 Ferreiro presumía de que ía encher de infraestruturas sociais os barrios, estamos en 2019 sen que construísen nin unha escola infantil, nin un centro cívico, nin un centro de día, nin un parque. En 2015 Ferreiro colleu A Coruña como a cidade de Galicia coa taxa de paro máis baixa e en 2019 somos onde menos baixaron a taxa de paro e o paro rexistrado desde as municipais. En 2015 Ferreiro atopouse cunha cidade limpa, con mantemento e locomotora de Galicia e en 2019 está sucia, con lixo polas rúas, paralizada e no furgón de cola. En 2015 Ferreiro atopouse cunha execución dos investimentos do 60 por cento, en 2019 déixaa con menos do 30. En 2015 Ferreiro prometía acabar con irregularidades administrativas e en*

de victimismo, de improvisación, de incumplimientos, de prepotencia, de engaños, de incompetencia. En 2015 entraron en María Pita colgándose el cartel de víctimas y en 2019 siguen con el victimismo. En 2015 Ferreiro se fue de gira mediática por todas las televisiones sobre un falso caos económico y en 2018 entregó el superávit a los bancos. En 2015 Ferreiro entró paralizando la adjudicación de la ORA para remunicipalizar y en 2019 no ha remunicipalizado nada. En 2015 Ferreiro recortó casi 2 millones en empleo, educación y deportes en su primer modificativo y en 2019 trajo un Presupuesto que reducía inversiones, partidas de comercio, de empleo, de rehabilitación o prestaciones sociales. En 2015 Ferreiro anunciaba que se habían acabado los desahucios y los poblados chabolistas y en 2019 siguen. En 2015 Ferreiro anunciaba la rescisión de contratos que dejó el Partido Popular firmados, el Remanso, Plaza de Monte Alto, Mercado de Santa Lucía o el Polideportivo del Castrillón y en 2019 no ha movido ni un ladrillo. En 2015 Ferreiro presumía de que iba a llenar de infraestructuras sociales los barrios, estamos en 2019 sin que hayan construido ni una escuela infantil, ni un centro cívico, ni un centro de día, ni un parque. En 2015 Ferreiro cogió La Coruña como la ciudad de Galicia con la tasa de paro más baja y en 2019 somos donde menos bajaron la tasa de paro y el paro registrado desde las municipales. En 2015 Ferreiro se encontró con una ciudad limpia, con mantenimiento y locomotora de Galicia y en 2019 está sucia, con basura por las calles, paralizada y en el furgón de cola. En 2015 Ferreiro se encontró con una ejecución de las inversiones del 60 por ciento, en 2019 la deja con menos del 30. En 2015 Ferreiro prometía acabar con irregularidades administrativas y en 2019 hay récord de facturas irregulares. En 2015 Ferreiro presumía de pureza y de código ético y en 2019 tiene, de momento, una concejala

*2019 hai récord de facturas irregulares. En 2015 Ferreiro presumía de pureza e de código ético e en 2019 ten, de momento, unha concelleira imputada por prevaricación. En menos de tres meses pretende disimular o que non fixeron en catro anos, a campaña en contra da cidade é a que leva liderando Ferreiro durante estes catro anos É falso que a cidade estea paralizada? é falso que estea sucia? é falso que estea atrancada? A cidade estivo abandonada á súa sorte desde maio de 2015 e non se fixo o máis mínimo esforzo por cumprir a principal obrigación dun goberno municipal que é o mantemento dos espazos públicos. Beirarrúas rotas, rúas con asfalto deteriorado, farois en estado lamentable, mobiliario público propio dunha cidade de segunda, parques e xardíns que dan pena, sucidade e pintadas invaden alá onde alcanza a vista e agora no último minuto pretenden aprobar un exame que non estudaron, de súpeto tapan algunha fochanca, pintan algunha varanda, renovan algún banco, repoñen algún anaco de beirarrúa, arranxan algún sebe ou meten un carril bici a machete e cruzan os dedos para ver se coa. E os coruñeses, que non son parvos, diranlles que non, que non coa. Ninguén fixo tanto dano a esta cidade como Ferreiro en tan pouco tempo. E quero terminar felicitándolle, anda vostede ás carreiras estes días para anunciar o que non van facer porque materialmente é imposible, porque ademais non dá tempo, vender fume antes do período de sombra electoral que comeza o vindeiro martes, 5 de marzo. Fíxese se vende fume que van reinaugurar a cuberta do Estadio, o luns 4 véspera do período, ben do día 5, que é cando empeza este período de sombra…*

***Presidencia***

Vaia rematando señora Gallego, por

imputada por prevaricación. En menos de tres meses pretende disimular lo que no han hecho en cuatro años, la campaña en contra de la ciudad es la que lleva liderando Ferreiro durante estos cuatro años ¿Es falso que la ciudad esté paralizada? ¿Es falso que esté sucia? ¿Es falso que esté atascada? La ciudad ha estado abandonada a su suerte desde mayo de 2015 y no se ha hecho el más mínimo esfuerzo por cumplir la principal obligación de un gobierno municipal que es el mantenimiento de los espacios públicos. Aceras rotas, calles con asfalto deteriorado, farolas en estado lamentable, mobiliario público propio de una ciudad de segunda, parques y jardines que dan pena, suciedad y pintadas invaden allá donde alcanza la vista y ahora en el último minuto pretenden aprobar un examen que no han estudiado, de repente tapan algún bache, pintan alguna barandilla, renuevan algún banco, reponen algún trozo de acera, arreglan algún seto o meten un carril bici a machete y cruzan los dedos a ver si cuela. Y los coruñeses, que no son tontos, les dirán que no, que no cuela. Nadie ha hecho tanto daño a esta ciudad como Ferreiro en tan poco tiempo. Y quiero terminar felicitándole, anda usted a carreras estos días para anunciar lo que no van a hacer porque materialmente es imposible, porque además no da tiempo, vender humo antes del periodo de sombra electoral que comienza el próximo martes, 5 de marzo. Fíjese si vende humo que van a reinaugurar la cubierta del Estadio, el lunes 4 víspera del periodo, bueno del día 5, que es cuando empieza este periodo de sombra…

***Presidencia***

*Vaya finalizando señora Gallego, por*

favor.

*favor.*

**Señora Gallego Neira**

*…van ir ao Estadio para poñer unha placa despois de terminar a obra fai catro meses con dous anos de atraso, duplicando o tempo de execución e molestando a miles de deportivistas durante varios partidos. Fai unha obra, só unha, se chegan a facer dúas, imaxínese, cunha ponse unha placa, con dúas obras poñeríase unha estatua e se chega a facer o Remanso estou segura de que lle poñería o nome ao edificio. Pedímoslle por favor…*

…se van a ir al Estadio a poner una placa después de haber terminado la obra hace cuatro meses con dos años de retraso, duplicando el tiempo de ejecución y molestando a miles de deportivistas durante varios partidos. Hace una obra, solo una, si llegan a hacer dos, imagínese, con una se pone una placa, con dos obras se pondría una estatua y si llega a hacer el Remanso estoy segura de que le pondría el nombre al edificio. Le pedimos por favor…

**Presidencia**

Remate xa señora Gallego, por favor.

*Finalice ya señora Gallego, por favor.*

**Señora Gallego Neira**

*…que traia o modificativo e que o traia acordado con todos os grupos.*

*Moitas grazas.*

…que traiga el modificativo y que lo traiga consensuado con todos los grupos.

Muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Vieito.

*Muchas gracias-*

*Señora Vieito.*

**Señora Vieito Blanco**

Señora Neira, nin sequera en tres meses se molestaron en facer propostas, agora non digan que o modificativo vai sen negociar, asuman a súa responsabilidade, a responsabilidade de perder 30 millóns de euros en gastos que si figuraban no proxecto de Orzamentos e que agora non podemos incluír. E falan de vitimismo, falan de vitimismo os dous, o PP e o PSOE. As vítimas non somos nós porque non nos aproben os Orzamentos, as vítimas son os veciños e as veciñas desta cidade por non ter uns Orzamentos e eso

*Señora Neira, ni siquiera en tres meses se molestaron en hacer propuestas, ahora no digan que el modificativo va sin negociar, asuman su responsabilidad, la responsabilidad de perder 30 millones de euros en gastos que sí figuraban en el proyecto de Presupuestos y que ahora no podemos incluir. Y hablan de victimismo, hablan de victimismo los dos, el PP y el PSOE. Las víctimas no somos nosotros porque no nos aprueben los Presupuestos, las víctimas son los vecinos y las vecinas de esta ciudad por no tener unos*

é debido principalmente ao bloqueo que levan realizando desde o primeiro ano de mandato, desde o primeiro ano que chegamos aquí, por iso precisamente chegamos a unha cuestión de confianza, parece mentira que non o saiban. E eses veciños e veciñas van perder ademais a posibilidade de partidas que si ían no proxecto, partidas para actuacións de reposición en dependencias municipais como a Fábrica de Tabacos por importe de 1 millón de euros. Melloras en áreas infantís e biosaludables por importe de 400 mil euros, actuacións tamén na rede de alumeado público por máis de 600 mil euros, adquisición de mobiliario urbano para espazos públicos por máis de 400 mil euros, mellora de pavimentación e accesibilidade en espazos públicos por máis de medio millón e todo iso grazas a vostedes, grazas a que levaban pedindo o modificativo que era o que solucionaba todo o problema. Por certo, a inauguración do Estadio de Riazor é obrigada en base ao convenio da Deputación, onde gobernan tamén vostedes señora Neira, parece mentira que non o saiba tampouco. Señora Neira tampouco acerto a ver qué lle reporta esta estratexia electoral de ter tombados os Orzamentos, de ter tombados uns Orzamentos e querer poñer o apósito do modificativo, a votar en contra levantando a man xunto con aqueles que a vostedes lles tombaron precisamente os Orzamentos no Estado, con aqueles que negocian coa ultradereita e comercian cos dereitos das mulleres, coa protección contra a violencia de xénero, que nin respectan os dereitos máis básicos e que cada vez fan máis manifestacións abertas de racismo, machismo e xenofobia, con aqueles, señora Gallego, que pretenden demostrar constantemente que podemos ser tan corruptos como eles, como o partido máis corrupto de Europa, cualificado como trama para delinquir, si, señora

*Presupuestos y eso es debido principalmente al bloqueo que llevan realizando desde el primer año de mandato, desde el primer año que llegamos aquí, por eso precisamente llegamos a una cuestión de confianza, parece mentira que no lo sepan. Y esos vecinos y vecinas van a perder además la posibilidad de partidas que sí iban en el proyecto, partidas para actuaciones de reposición en dependencias municipales como la Fábrica de Tabacos por importe de 1 millón de euros. Mejoras en áreas infantiles y biosaludables por importe de 400 mil euros, actuaciones también en la red de alumbrado público por más de 600 mil euros, adquisición de mobiliario urbano para espacios públicos por más de 400 mil euros, mejora de pavimentación y accesibilidad en espacios públicos por más de medio millón y todo eso gracias a ustedes, gracias a que llevaban pidiendo el modificativo que era lo que solucionaba todo el problema. Por cierto, la inauguración del Estadio de Riazor es obligada en base al convenio de la Diputación, donde gobiernan también ustedes señora Neira, parece mentira que no lo sepa tampoco. Señora Neira tampoco acierto a ver qué le reporta esta estrategia electoral de tener tumbados los Presupuestos, de tener tumbados unos Presupuestos y querer poner la tirita del modificativo, a votar en contra levantando la mano junto con aquellos que a ustedes les tumbaron precisamente los Presupuestos en el Estado, con aquellos que negocian con la ultraderecha y mercadean con los derechos de las mujeres, con la protección contra la violencia de género, que ni respetan los derechos más básicos y que cada vez hacen más manifestaciones abiertas de racismo, machismo y xenofobia, con aquellos, señora Gallego, que pretenden demostrar constantemente que podemos ser tan corruptos cómo ellos, como el partido más corrupto de Europa, calificado como trama para delinquir, sí,*

Gallego, non se ría aínda enriba, que aínda se atreven ademais a facer denuncias políticas para conseguir na campaña electoral manchar os nomes dos que non son como eles, pretenden facelo con denuncias políticas que son arquivadas e que incluso se lles volve en contra como a dos pisos, vostedes ademais que teñen un bo exemplo no seu partido, o de Ana Botella, exemplo precisamente de política de vivenda, condenada por vender pisos públicos a fondos voitre. Vostedes que en lugar de pedir perdón e deixar de mentir, insisten e se presentan aínda enriba como acusación particular na investigación pola adxudicación das xestións de uso do cárcere, intentando dilatar ademais o proceso o máis posible no tempo, para así atrasar a oportunidade de Claudia Delso de poder defenderse, por medo de que tamén se arquive a denuncia e non poder seguir mentindo e facendo xogo sucio durante a campaña electoral.

Nada máis, grazas.

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas.

Se me permiten un momento e dado que o tema saíu, non tiña pensado intervir, digo que hai un artigo no convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar as obras do Estadio de Riazor, da cuberta, que di o seguinte: rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial, o texto estará redactado en galego. Esa é a razón pola que se fai o acto do luns e non outra.(**Murmurios**)

Home, non o vamos a facer despois, non o vamos a facer despois, non sei, supoño que son cuestións de estilo de cada un.

*señora Gallego, no se ría aún encima, que aún se atreven además a hacer denuncias políticas para conseguir en la campaña electoral manchar los nombres de los que no son como ellos, pretenden hacerlo con denuncias políticas que son archivadas y que incluso se les vuelve en contra como la de los pisos, ustedes además que tienen un buen ejemplo en su partido, el de Ana Botella, ejemplo precisamente de política de vivienda, condenada por vender pisos públicos a fondos buitre. Ustedes que en lugar de pedir perdón y dejar de mentir, insisten y se presentan aún encima como acusación particular en la investigación por la adjudicación de las gestiones de uso de la cárcel, intentando dilatar además el proceso lo más posible en el tiempo, para así retrasar la oportunidad de Claudia Delso de poder defenderse, por miedo también de que se archive la denuncia y no poder seguir mintiendo y haciendo juego sucio durante la campaña electoral.*

*Nada más, gracias.*

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias.*

*Si me permiten un momento y dado que el tema salió, no tenía pensado intervenir, digo que hay un artículo en el convenio firmado entre la Diputación de A Coruña y el Ayuntamiento de A Coruña para financiar las obras del Estadio de Riazor, de la cubierta, que dice lo siguiente: terminada la obra, se deberá colocar una placa en lugar visible en la que se deje constancia de la fecha de inauguración de la obra y de la financiación provincial, el texto estará redactado en gallego. Esa es la razón por la que se hace el acto del lunes y no otra. (**Murmullos**)*

*Hombre, no lo vamos a hacer después, no lo vamos a hacer después, no sé, supongo que son cuestiones de estilo de cada uno.*

Esta é a razón e non outra, se o fixésemos despois supoño que tamén sería un problema.

Ben...(**Murmurios)** Silencio por favor, que é de mala educación falar mentres está alguén no uso da palabra.

Vamos facer a continuación a votación, a votación é, silencio por favor, a votación sobre a orde, perdón, o asunto a incluír que é, pois, o seguinte:

Instar o Goberno Municipal a cumprir a moción aprobada no Pleno de 14 de xaneiro de 2019 e tramitar coa maior urxencia un modificativo pactado con todos os Grupos Municipais que conteña os convenios nominativos para o 2019 con entidades sociais, deportivas, educativas, culturais, veciñais, comerciais, de mobilidade, de promoción económica, etc. e todos aqueles gastos que por imperativo legal sexa de carácter obrigatoria a súa inclusión, como o incremento da retribución do funcionariado municipal.

**Votación do voto particular presentado pola concelleira de Marea Atlántica, señora Vieito Blanco**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto único referenciado na orde do día.

Vota en contra o Grupo Municipal de Marea Atlántica ( MA) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (10 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).

**Presidencia**

*Esta es la razón y no otra, si lo hiciésemos después supongo que también sería un problema.*

*Bien…(**Murmullos)** Silencio por favor, que es de mala educación hablar mientras está alguien en el uso de la palabra.*

*Vamos a hacer a continuación la votación, la votación es, silencio por favor, la votación sobre el orden, perdón, el asunto a incluir que es, pues, el siguiente:*

*Instar al Gobierno Municipal a cumplir la moción aprobada en el Pleno de 14 de enero de 2019 y tramitar con la mayor urgencia un modificativo pactado con todos los Grupos Municipales que contenga los convenios nominativos para el 2019 con entidades sociales, deportivas, educativas, culturales, vecinales, comerciales, de movilidad, de promoción económica, etc. y todos aquellos gastos que por imperativo legal sea de carácter obligatorio su inclusión, como el incremento de la retribución de los funcionarios municipales.*

***Votación del voto particular presentado por la concejala de Marea Atlántica, señora Vieito Blanco***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto único referenciado en el orden del día.*

*Vota en contra el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).*

***Presidencia***

Pois queda aprobado o acordo.

*Pues queda aprobado el acuerdo.*

Boa fin de semana a todos e gocen do Entroido aqueles que teñan sentido do humor suficiente para facelo.

*Buen fin de semana a todos y disfruten del Carnaval aquellos que tengan sentido del humor suficiente para hacerlo.*

Ao non haber máis asuntos que tratar, ás trece horas e corenta e cinco minutos, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo iso de conformidade co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*No habiendo más asuntos que tratar, a las trece horas y cuarenta y cinco minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*